


Guía do/a usuario/a: Validación



Erros de lectura

Cando escoites, verifica con moito coidado se o que se gravou é exactamente o que aparece escrito. Rexeita se escoitas calquera incongruencia.



Falta unha palabra no inicio da gravación.



Falta un son no final da última palabra.



Falta unha palabra no texto.



O/a lector/a engadiu algunha palabra que non está no texto.



Titubeos ou varios intentos de ler unha palabra.



Falta o final da última palabra debido a que o/a locutor/a finalizou a gravación antes de acabar de falar.



Pronuncias diferentes

Non rexeites fragmentos porque o/a lector/a puxo o acento dunha palabra no sitio equivocado ou ignorou unha interrogación. Queremos que as máquinas sexan quen de recoñecer unha ampla variedade de pronuncias. Deixa unha marxe de apreciación para as persoas que falan de maneira diferente a como falas ti.



Ruído de fondo

Queremos que os algoritmos de aprendizaxe automática consigan lidar cunha variedade de ruídos de fondo.

Acéptanse incluso ruídos relativamente altos mentres non che impidan oír todo o texto.



Voces de fondo

Un leve rumor de fondo está ben, mais non queremos voces adicionais que poidan facer que os algoritmos identifiquen palabras que non están no texto.



Volume

Entre os/as lectores/as hai variacións naturais de volume.

Rexeita soamente se o volume está tan alto que fai que a gravación falle, ou (máis comunmente) se o volume está tan baixo que non podes oír o que se está a dicir sen a referencia do texto escrito.



Efectos do/a lector/a

Na maioría das gravacións, as persoas empregarán a súa voz natural. En ocasións pódese aceptar unha gravación que está fóra da norma (murmurada, berrada, ou con voz "dramática"). Non obstante, hai que rexeitar as gravacións cantadas e aquelas nas que se fai uso dunha voz sintetizada por ordenador.



Non estás seguro/a?

Se atopas algo que non se trata nesta pequena guía, vota segundo o teu sentido común. Se realmente non consigues decidirte, usa o botón de saltar e continúa con outra gravación.